

Xaneiro-Marzo 2004

O Instituto Galego de Estatística agradece a súa colaboración:

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 de 19 de Xullo de Estatísticas de Galicia:

- Está amparada polo segredo estatístico (Arts.24-28). O seu tratamento será exclusivamente agregado sen que ningunha empresa ou establecemento poida ser identificado a través dos seus resultados.

- Ten carácter obrigatorio (Art. 18): "As estatísticas incluídas no Plan de Estatística, nos Programas Anuais e as previstas nos Convenios de colaboración ós que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración, a obrigatoriedade de colaboración cidadá".

Os datos persoais serán incorporados a un ficheiro automatizado, responsabilidade do Consorcio da Zona Franca de Vigo, dacordo co establecido no artigo 4 da Lei de Protección de Datos (LPD). Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, podendo dirixirse ó seguinte enderezo: Área Portuaria de Bouzas s/n 36208 Vigo (Pontevedra).

Facilidades para cumprimentar o cuestionario:

1- Para calquera dúbida ten á súa disposición o teléfono gratuito 900- 102 104 ou tamén pode enviar un e-mail ó enderezo ige.empresas@xunta.es.

2- Pode remitir o impreso cumprimentado ó número de fax 981-54 13 23.

Datos Identificadores da Empresa

CIF:  NOME:  Cnae- 93: (2 díx.)  (4 díx.)

ENDEREZO:

Vía Pública  Rúa  Nº  Portal  Piso

C.P.:  Municipio  Provincial

TELÉFONO  FAX  E-MAIL:

Persoa que cubre a enquisa

NOME E APELIDOS:  CARGO:

- No caso de tratarse dunha asesoría quen cubre a enquisa: Nome e Apelidos:

Emprego

PERSONAL ASALARIADO NA EMPRESA

(Cifra media do período)

Do 31/12/03 ó 31/03/04

Empregados Fixos <sup>(1)</sup>   
 Empregados non Fixos <sup>(2)</sup>

- Exprese por favor, a unidade monetaria que empregará. Se as unidades monetarias non se corresponden coas opcións dadas indique a utilizada nas observacións.

Cifras expresadas en :  Euros  Miles de Euros

Ingresos, Custos e Resultados (SalDOS)

INDICAR SALDO A 31/03/04

INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

Contas 70+73+74+75+790

CONSUMOS E OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

Contas 60+61\*+71\*+62+631+634-636-639+651+659+690

SOLDOS, SALARIOS E ASIMILADOS

Contas 640+641

GASTOS DE PERSONAL (SOLDOS, SALARIOS E ASIMILADOS+CARGAS SOCIAIS)

Contas 640+641+642+643+649

RESULTADO FINANCIERO

\* Apto. All ou BII da conta de Perdas e Ganancias

(no caso de ser o Apto. BII pór a cantidade con signo negativo)

RESULTADO NETO

\* Apto. AVI ou BVI da conta de Perdas e Ganancias

(no caso de ser o Apto. BVI pór a cantidade con signo negativo)

PERDAS ACUMULADAS DE EJERCICIOS ANTERIORES

Conta 679

IMPOSTOS

Conta 630\*+633-638

\*con signo positivo o negativo segundo saldo

\*\*esta conta pode ter saldo acreedor e, polo tanto, a partida A14 pode ter signo negativo

(1) Para calcular o número de persoal fixo teña en conta os seguintes criterios:

- a- Se no trimestre non se produciron importantes movementos do persoal, indique a semisuma dos fixos ó principio e ó fin do trimestre.
- b- Se no trimestre se produciron importantes movementos, calcule a suma do persoal en cada un dos meses do trimestre e divida entre 3.
- c- Se no período se produce regulación temporal de emprego ou de xornada, o persoal afectado pola mesma debe ser incluído como persoal fixo, pero soamente na proporción que corresponda a fracción do trimestre ou xornada do trimestre efectivamente traballada.

(2) Pode calcular o persoal non fixo medio sumando o total de semanas que traballan os seus empregados non fixos ó longo do trimestre e dividindo entre 13 semanas. Tamén pode facer esta operación (equivalente á anterior): nº de persoas contratadas\*(nº medio de semanas traballadas/13).

Xaneiro-Marzo 2004

**Activo (Saldos)** INDICAR SALDO A 31/03/04

**ACC. DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS**  
 Contas De 190 á 196

**GASTOS DE ESTABLECEMENTO**  
 Conta 20

**INMOBILIZADO INMATERIAL**  
 Contas 21-281-291

**INMOBILIZADO MATERIAL**  
 Contas 22+23-282-292

**INMOBILIZADO FINANCEIRO**  
 Contas De 240 á 247+De 250 á 258+26-De 293 á 298

**ACCIÓNS PROPIAS**  
 Contas 198

**GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EXERCICIOS**  
 Conta 27

**DEBEDORES POR OPERACIÓNS DE TRÁFICO L/P**  
 Conta 45\* (se procede)

**ACTIVO CIRCULANTE**  
 Contas: 558+De 30 á 36-39+407+De 430 a 435-436+44+460+De 470 á 474- 490-493-494+544+De 551 á 553+53+De 540 a 543+De 545 a 548-549+565+566-59+57+480+580.(Incluír accións propias a C/P se procede)

**SUMA TOTAL DO ACTIVO**

\*Segundo a normativa contable cando existan debedores por operacións de tráfico a longo prazo crearase o epígrafe B.IV do activo, coa denominación de "Debedores de tráfico a L/P" realizándose o detalle necesario.

**Pasivo (Saldos)** INDICAR SALDO A 31/03/04

**RECURSOS PROPIOS (FONDOS PROPIOS+INGRESOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS)**  
 Contas 10+110+111+De 112 á 118+120-121+122+129-557+13

**ACREDORES A CURTO PRAZO**  
 Conta De 400 á 403-406+41+437+465+475+476+477  
 +479+485+499+De 50 á 52+De 551 á 556+560+561+585

**PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS C/P**  
 Cubrir soamente se coresponde\*\*

**PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS L/P**  
 Contas 14

**ACREDORES A LONGO PRAZO**  
 Contas 15+16+17+18+248+249+259

**SUMA TOTAL DO PASIVO**

(\*\*)\*Segundo a normativa contable cando existan provisións e gastos con vencemento non superior ó ano crearase a agrupación F do Pasivo, coa denominación de "Provisións para riscos e gastos a curto prazo".

**Opinión Empresarial**  
 A cubrir tan só polas empresas do sector industrial, é dicir da sección C á E do CNAE 93.  
 Por favor, marque cun X só unha das opcións de cada cuestión segundo a opinión que vostede teña:

<p><b>NIVEL DE PRODUCCIÓN</b>                  Na miña empresa o nivel de produción tendo en conta o período no que estamos é...</p>	<p>Actualmente <input type="radio"/> Alta  <input type="radio"/> Media  <input type="radio"/> Baixa</p>	<p>Previsto no seguinte trimestre <input type="radio"/> Aumentará  <input type="radio"/> Manterase  <input type="radio"/> Diminuirá</p>
<p><b>CARTEIRA DE PEDIDOS</b>                  Na miña empresa a carteira de pedidos tendo en conta o período no que estamos é...</p>	<p>Actualmente <input type="radio"/> Alta  <input type="radio"/> Media  <input type="radio"/> Baixa</p>	<p>Previsto no seguinte trimestre <input type="radio"/> Aumentará  <input type="radio"/> Manterase  <input type="radio"/> Diminuirá</p>
<p><b>NIVEL DE INVENTARIOS</b>                  Na miña empresa o nivel de inventarios tendo en conta o período no que estamos é...</p>	<p>Actualmente <input type="radio"/> Alto  <input type="radio"/> Medio  <input type="radio"/> Baixo</p>	<p>Previsto no seguinte trimestre <input type="radio"/> Aumentará  <input type="radio"/> Manterase  <input type="radio"/> Diminuirá</p>

**Empresas Multilocalizadas**  
 NO CASO DE QUE A EMPRESA TEÑA ESTABLECEMENTOS EN VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS EXPRESE A PORCENTAXE QUE CORRESPONDE A GALICIA NOS SEGUINTES CONCEPTOS:

INGRESOS DE EXPLOTACIÓN  % CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN  % ACTIVOS  %

NÚMERO DE EMPREGADOS EN ESTABLECEMENTOS GALEGOS: Do 31/12/03 ó 31/03/04

ANEXOS DO CUESTIONARIO

Xaneiro-Marzo 2004

Notas

- (1) Rogamos que este cuestionario sexa devolto, debidamente cumprimentado, nun prazo non superior a 10 días, a partires da súa recepción.
- (2) Débese adoptar o mesmo criterio nas unidades monetarias para todo o cuestionario, este feito se salienta no apartado da primeira páxina que fai referencia á información monetaria.
- (3) Os datos deben referirse ó período obxecto da enquisa (aparecerá indicado na parte superior do cuestionario).
- (4) Por favor, anote os datos con claridade nos recadros que lle corresponda, non utilice fraccións.
- (5) No caso de existir algún erro no cuestionario ou nos propios datos, rogamos sexan corrixiados no recadro que figura ó pé destas notas, aquí pode indicar as observacións que estime pertinentes.
- (6) Para facilitar a cumprimentación do cuestionario, achégase un diccionario de datos para calquera dúbida de definición na enquisa.
- (7) O Instituto agradece a súa colaboración na cumprimentación do cuestionario, para calquera cuestión non dubide en dirixirse a nós a través do número de teléfono e do enderezo que lle facilitamos no principio do cuestionario.

Observacións da Empresa

Diccionario de Datos

**ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS**

Nesta partida figura a parte de capital social que aínda non foi desembolsada polos accionistas da sociedade. Contas: De 190 á 196

**ACCIÓNS PROPIAS**

Nesta partida figura o importe das accións adquiridas pola propia empresa. Conta: 198

**ACREDORES A CURTO PRAZO**

Inclúe as débedas que a empresa ten con terceiros e cun prazo de esixibilidade inferior ó ano. Contas: De 400 á 403, -406, 41, 437, 465, 475, 476, 477, 479, 485, 499, De 50 á 52, De 551 á 556, 560, 561, 585

**ACREDORES A LONGO PRAZO**

Inclúe as débedas que a empresa ten contraídas con terceiros e cun prazo de esixibilidade superior ó ano. Contas: 15, 16, 17, 18, 248, 249, 259

**CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN**

Indica os recursos que a empresa consume para obter os ingresos de explotación. Esta partida recolle todos os gastos de explotación da empresa a excepción dos gastos de persoal e a dotación para a amortización. Contas: 60, 61, 71

**DEBEDORES POR OPERACIÓNS DE TRÁFICO A L/P**

Recolle o saldo das débedas que terceiros teñen contraídas coa empresa, por un prazo superior a un ano e en concepto de operacións de tráfico. Conta: 45\* *Esta conta creárase no caso de que lle corresponda unha cantidade no balance abreviado no epígrafe BIV do activo.*

**GASTOS DE ESTABLECEMENTO**

Aparecen no activo e non teñen valor de revalorización. Conta: 20

**GASTOS DE PERSOAL**

Nesta partida recóllese a totalidade dos gastos que supón o cadro de persoal da empresa que será a suma dos soldos e salarios máis as cargas sociais. Contas: 640, 641, 642, 643, 649

**GASTOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS**

Son os gastos que se imputan posteriormente ó resultado da empresa, permanecendo mentres tanto no balance. Conta: 27

**IMPOSTOS**

Cantidade que a empresa destina ó pago dos diferentes impostos e tributos durante o período de referencia. Contas: 630, 633, -638

**INGRESOS DE EXPLOTACIÓN**

Son os ingresos propios do ciclo de explotación da empresa, é dicir, os correspondentes á venda de mercadorías na empresa comercial ou de produtos rematados na industrial. (Importe neto da cifra de negocio + Outros ingresos de explotación). Contas: 70, 73, 74, 75, 790

**INMOBILIZADO FINANCIERO**

Son investimentos financeiros permanentes calquera que sexa a súa forma de instrumentación, incluídos os xuros reportados, con vencemento superior a un ano. Contas: De 240 á 247, De 250 á 258, 26, De -293 á -298

**INMOBILIZADO INMATERIAL**

Está formado polos elementos inmateriais do activo fixo. Contas: 21, -281, -291

**INMOBILIZADO MATERIAL**

Está formado polos elementos materiais do activo fixo. Contas: 22, 23, -282, -292

**PERSOAL ASALARIADO DA EMPRESA**

É o número de traballadores que pertencen ó cadro de persoal da empresa divididos en aqueles que son fixos e os que non o son.

**OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN**

Esta subpartida de perdas e ganancias está formada polos seguintes conceptos: Servicios Exteriores, Tributos, Dotación ó Fondo de Reversión e outros Gastos de Xestión Corrente. Contas: 62, 631, -636, -639, 651, 659, 690

**PERDAS DE EJERCICIOS ANTERIORES**

Son os gastos e perdas relevantes correspondentes a exercicios anteriores, podéndose contabilizar por natureza os que teñan pouca importancia relativa. Contas: 679

**PROVISIONS PARA RISCOS E GASTOS A C/P**

Son as cantidades destinadas para cubrir posibles riscos e gastos a curto prazo que poida ter a empresa. \* *Esta conta creárase no caso de que lle corresponda unha cantidade no balance abreviado no apartado F do Pasivo.*

**PROVISIONS PARA RISCOS E GASTOS A L/P**

Son as cantidades destinadas para cubrir posibles riscos e gastos a longo prazo que poida ter a empresa. Conta: 14

**RESULTADO FINANCIERO**

É o resultado que xera a empresa financeira. Calcúlase como diferenza entre os Ingresos Financeiros e Gastos Financeiros. *Esta partida pode atoparse no apartado All da conta de perdas e ganancias se o resultado é positivo e no BII se o resultado é negativo.*

**RESULTADO NETO DO EJERCICIO**

É o resultado final da empresa, é dicir, despois de impostos. (Resultado antes de Impostos - Impostos). Esta partida pode atoparse no apartado AVI da conta de perdas e ganancias se o resultado é positivo e no BVI se o resultado é negativo.

**RECURSOS PROPIOS**

Son aqueles recursos da empresa sen grado de esixibilidade. Calcúlase como a suma de Fondos Propios e Ingresos a distribuír en varios exercicios. Contas: 10, 110, 111, Da 112 á 118, 120, -121, 122, 129, -557, 13

**SOLDOS E SALARIOS**

Nesta partida recóllese os gastos que por este concepto ten a empresa. Contas: 640, 641

Enderezo empresa  
Á atención de:

Cidade (Provincia)

**2004/2/10109**

1. Rogámoslle que cubra este cuestionario e o devolva ó IGE nun prazo non superior a 10 días, contados desde a súa recepción.
2. Para o envío por correo postal pode usa-lo sobre de franqueo pago que lle remitimos.
3. Se prefire recibi-lo cuestionario por correo electrónico póñase en contacto connosco.
4. O IGE agradácelle a súa colaboración e queda a súa disposición en:

- Teléfono: 900 102 104
- Fax: 981 541 323
- Correo postal: Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela
- Correo electrónico: ige.empresas@xunta.es

A información recollida neste cuestionario, segundo a **LEI 9/1988 de 19 de Xullo de ESTATÍSTICA DE GALICIA**:

- Ten **CARÁCTER OBRIGATORIO** (Art. 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración ós que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obrigatoriedade de colaboración cidadá', obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo **SEGREDO ESTADÍSTICO** (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas coma ás persoas xurídicas' (Art. 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (Art. 24.3). 'Tódalas persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán a obriga de mante-lo segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana as persoas aínda despois de concluí-las súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin se lle comunicarán a ningunha persoa ou entidade' (Art. 26).